

Celebrada hoxe a Asemblea Xeral de EROSKI

EROSKI ABORDA A DEFINIÇÃO DUN NOVO PLAN ESTRATÉXICO A 2020 FOCALIZADO NA COMPETITIVIDADE

- **A cooperativa márcase como obxectivos prioritarios competir en cada un dos mercados onde está presente, situar o Socio Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos**
- **A Asemblea Xeral, órgano de máxima decisión da cooperativa, convocou a 250 Socios Traballadores e a 250 Socios Consumidores**

Barakaldo, 15 de xuño de 2016.- A cooperativa [EROSKI](#) celebrou esta tarde a súa Asemblea Xeral Ordinaria anual en Barakaldo (Biscaia), á que estaban convocados 500 socios representantes do colectivo total de Socios Traballadores e de Socios Consumidores.

O Presidente de EROSKI, Agustín Markaide, repasou os logros obtidos durante o Plan Estratéxico definido no 2012 e que este ano conclúe. Un período marcado polo obxectivo de asegurar unha estrutura financeira máis sostible e aliñada coa recorrente xeración de recursos pola actividade ordinaria de distribución, e tamén polo desenvolvemento do modelo comercial "contigo", baseado nunha atención máis personalizada e na oferta dunha ampla variedade para unha maior liberdade de elección do consumidor, cun claro protagonismo dos alimentos frescos e dos produtos locais, algo fundamental na práctica cotiá dunha alimentación saudable.

O presidente de EROSKI repasou as claves do sector da distribución ante os 500 socios representantes das dúas comunidades de Socios Traballadores e de Socios Consumidores que forman a cooperativa. *"A confianza dos consumidores experimentou certa mellora, que se reflectiu nunha normalización do consumo de bens duradeiros pero que non desembocou nun maior consumo de alimentación. As claves do sector descríbense por ser un mercado grande, estable na súa magnitude global, pouco elástico á renda en comparación con outros capítulos do gasto familiar e cun consumidor moi esixente que se adapta axiña aos cambios. Un mercado cun vivo ritmo de novas aperturas de tendas que nos conduce a un panorama competitivo intenso no que todos os operadores buscaremos novas fórmulas de negocio, cada un reforzando as súas fórmulas de éxito e buscando outras novas".*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

EROSKI abordará este ano unha nova e fonda reflexión sobre as directrices que van guiar o Grupo durante o seguinte ciclo estratéxico a 2020. Durante a súa intervención, Markaide lanzoulle varias preguntas ao auditorio: *"Como deberá ser a tenda 'contigo 2020'? Por que nos vai preferir un cliente podendo elixir entre varias tendas?"*. Para responder aos novos retos, a cooperativa fíxase como obxectivos prioritarios competir en cada un dos mercados nos que está presente, situar o Socio Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos.

Pola súa banda, a presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza, recoñeceu o alto nivel de compromiso e autoesixencia dos Socios Traballadores durante o plan estratéxico que conclúe neste exercicio. *"Durante os últimos anos, demostrámonos a nós mesmos a sólida cultura cooperativa que compartimos en EROSKI, preparada para tomar decisións compartindo a información e cun alto grao de consenso interno, priorizando sempre o noso proxecto socio-empresarial común"*, destacou Mugerza como recoñecemento do Consello Reitor a todo o colectivo de Socios Traballadores. E concluíu a súa intervención lembrando que *"a transformación social a través da actividade empresarial é un dos fins cooperativos"*, para afirmar a continuación que *"hoxe EROSKI está máis preparada ca nunca para contribuír mellor a unha sociedade máis xusta, máis solidaria, máis sostible e cunhas mellores cotas de saúde e de benestar"*.

Aprobación de contas anuais e repartición de resultados

A Asemblea Xeral de EROSKI aprobou as contas anuais individuais da cooperativa e as consolidadas do Grupo EROSKI e mais o Informe de Xestión do exercicio 2015.

Seguindo cos criterios que EROSKI mantivo sempre na repartición de resultados, os socios da cooperativa decidiron asumir o 20% dos resultados negativos, que pasarán a unha reserva negativa individualizada separada da conta de capital que cada Socio Traballador ten na cooperativa.

"Prevemos alcanzar beneficios durante o presente exercicio. A nosa prioridade durante os vindeiros anos será fortalecer a cooperativa e compensar progresivamente estas reservas negativas individualizadas", sinalou Agustín Markaide.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)